XOCIVIGA



FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES

25 – 28 Nov.

ANO 2 | EDICIÓN 42

AUDITORIO MANUEL MARÍA
O CARBALLIÑO | XOCIVIGA.COM

organiza

ASOCIACIÓN XOCIVIGA

coa subvención de

Concello do Carballiño

DEPUTACIÓN OURENSE

patrocinan

Josuma

VERMUT POVARELO

VIÑA COSTEIRA BODEGA

colabora

CANDELAS

HORARIOS

MÉRCORES 25 | XOVES 26

11:30

XERMOLAR
SECCIÓN INFANTIL
60'

17:30

XENTES I
INTERNACIONAL
50'

19:00

XENTES II
INTERNACIONAL
61'

20:30

TAXI DRIVER
BSO EN VIVO
120'

XENTES III
INTERNACIONAL
56'

VENRES 27 | SÁBADO 28

11:30

XERMOLAR
SECCIÓN INFANTIL
60'

SHREK
ANDREW ADAMSON & VICKY JENSON (2001)
90'

17:30

XENTES IV
INTERNACIONAL
54'

XENTES VII
INTERNACIONAL
53'

19:00

XENTES V
INTERNACIONAL
55'

XENTES VIII
INTERNACIONAL
63'

20:30

XENTES VI
INTERNACIONAL
56'

23:00

PELÍCULA SORPESA DE TERROR

INAUGURACIÓN | **MÉRCORES | 20:30**

TAXI DRIVER (1976) | MÚSICA EN DIRECTO

ENTRADAS EN XOCIVIGA.COM E EN BILLETEIRA



Sander Ulloa e Abraham Santiago preparan para o 50 aniversario do mítico filme de Scorsese un arranxo da música orixinal de Bernard Herrmann para un cuarteto de jazz que, xunto a eles, completan Loren Tabarés e Luis Vivas.

Travis Bickle é un exmarine e veterano da guerra de Vietnam que vive en Nova York. Debido á súa incapacidade para durmir, traballa como taxista polas noites e reflexiona sobre a decadencia da sociedade, especialmente da cidade. Solitario e cunha visión moi firme do ben e do mal, só atopa algo de esperanza en Betsy, unha traballadora da campaña presidencial do senador Charles Palantine. Tras un incidente, Travis decide que debe facer o necesario para converter o mundo nun lugar mellor.

XOVES | 17:30 **XENTES I**

CHUURAA (Evgenia Arbugaeva) | Reino Unido, 18' | Non ficción



No remoto Ártico siberiano, un científico indíxena adéntrase nas profundidades do permafrost en desconxelación para buscar unha criatura ancestral no mítico Inframundo.

CARA DE CONA (Guillermo de Oliveira) | Galicia, 17' | Comedia



Nunha aldea galega, Moncho odia sen motivo a Pardavila, o seu novo e bonachón veciño. Tras fracasar en facerlle a vida imposible, decidirá idear o crime perfecto.

PORKATAL (Sis Gürdal) | Turquía, Francia, Reino Unido, 14' | Drama



No seu sexto aniversario, Engin é separado da súa nai, que o criou no cárcere desde o seu nacemento, e debe adaptarse á vida na aldea mentres planea como volver onda ela.

ESTREA EN GALICIA

XENTES II

XOVES | 19:00

INSTRUCCIONES PARA COCINAR UN POLLO BAJO TIERRA (Olivia Delcán y Nacho Sánchez) | España, 28' | Meta-ficción



Cociñar un polo baixo terra, salvar unha relación nun Decathlon ou reunir 26 persoas para contar unha historia esixe paciencia, tempo e tanto esforzo que parece que facelo é un sen sentido.

POSTER BOY (India Opzoomer) | Canadá, EE.UU, 16' | Drama



No encarnizado mundo das boybands dos anos 90, un desesperado mozo de 16 anos traizoa os seus compañeiros de grupo nun intento por asegurarse un lugar baixo os focos.

ESTREA EN ESPAÑA

DELAY (Wang Han-Xuan) | China, EEUU, 15' | Drama



Un pai chinés homosexual intenta asistir á voda do seu fillo heterosexual en París, pero a súa viaxe sofre atrasos imprevistos.

ESTREA EN GALICIA

XOVES | 20:30 **XENTES III**

WONDERWALL (Róisín Burns) | Reino Unido, Francia, 28' | Drama



Liverpool, 1995: en plena folga dos estibadores, Siobhan (9 anos) só pensa en se Oasis vencerá a Blur. Tras discutir co seu irmán, foxe ao anoitecer e vaga por unha cidade decadente e irreal.

ESTREA EN ESPAÑA

O CORPO DE CRISTO (Bea Lema) | Galicia, 12' | Animación, Drama



Un demo atormenta a Adela, o que a leva á consulta dun psiquiatra, onde a medicación se presenta como o remedio absoluto. Mais o que necesita é que alguén escoite o que lle pasa.

CITY OF OWLS (Zhenia Kazankina) | Francia, Alemaña, 15' | Fantástico



Na última noite antes de marchar, Vera decide contarlle un conto de fadas á súa irmá pequena para ocultarlle o verdadeiro motivo da súa partida.

ESTREA EN ESPAÑA

XENTES IV | VENRES | 17:30

CLASS PHOTO (Arnas Balčiūnas) | Lituania, 16' | Drama



Mentres revisita a súa antiga escola, agora abandonada, Ignas atópase cun ex-compañeiro de clase. Percorrendo corredores ateigados de recordos, intentan capturar aquilo que desaparecerá.

ESTREA EN GALICIA

THE QR-CODE OF FRANKEASY (Max Wuchner, Lou Rambert Preiss) Suiza, Francia, 20' | Comedia



Frankeasy, mago e influencer, chega a París para os Xogos Olímpicos. Tras un fallo técnico que borra o seu código QR e o deixa sen acceso a nada, deambula só por unha cidade en tensión.

ESTREA EN GALICIA

BRUTE (Jérémy Comte) | Canadá, 18' | Drama, Suspense, Ciencia ficción



Ao tentar esculpir a súa obra máis ambiciosa, un novo artista sucumbe a unha ansiedade abafadora que distorsiona a súa realidade ata asfixialo no seu propio estudo.

ESTREA EN GALICIA

VENRES | 19:00 XENTES V

PRAIA DE PEDRA (Sofia Bost) | Portugal, Francia, 29' | Drama



Leonor, unha babá portuguesa, ten que acompañar a Vera a Francia para pasar as vacacións co seu pai e a súa nova familia, facendo fronte á barreira lingüística e á tensa convivencia.

I WALKED THOUGH THE WALL (Pablo Larcuen) EEUU, España, 8' | Comedia, Fantástico



Unha esposa e nai que se sente atrapada nunha vida dedicada á súa familia descobre accidentalmente o poder de atravesar paredes.

NO HAY CAMINO (Luciana Espinoza Hoempler) España, Perú, 18' | Non-ficción



Na perigosa selva do Darién, miles de migrantes rexistran o seu camiño cara aos EEUU. Un relato en primeira persoa sobre a supervivencia e a urxencia de seguir adiante.

XENTES VI | VENRES | 20:30

A WOLF IN THE SUBURBS (Amélie Hardy) | Canadá, 18' | Non-ficción



Mississauga: onde os xardíns están impecables, os veciños vixían e nin unha soa brizna de herba se atreve a desobedecer. Agás na casa de Wolf Ruck, onde a herba e os problemas medran sen control.

ESTREA EN ESPAÑA

LA VERITAT ET REBUTJA, CORNELIUS (Marc Torices, Khris Cembé)
España, 17' | Animación, Comedia



Durante unha sesión de terapia cunha gamba, Cornelius tenta superar os seus traumas explorando a súa psique fracturada e refúxiase nun optimismo que non é máis ca outra forma de maltrato.

ESTREA EN GALICIA

THANKS FOR CONSIDERING ME (Patrick James Verlin)
Reino Unido, 20' | Drama



Maxwell e Sophie, dous actores atrapados nunha relación tóxica, afrontan os celos e o resentimento cando ela recibe unha nominación aos BAFTA e el se recupera dun grave accidente.

ESTREA EN ESPAÑA

SÁBADO | 17:30 XENTES VII

ALLA EN EL CIELO (Roddy Dextre) | Perú, Colombia, España, México, 17' | Drama



Chito coida das pombas mensaxeiras que o seu irmán utiliza para transportar droga. Cando a violencia irrompe na súa vida, a dor e un xesto de humanidade cambiarán o seu destino.

ESTREA EN GALICIA

THE END (Niki Lindroth von Bahr) Suecia, Francia, Dinamarca, 17' | Animación, Drama



Unha serie de personaxes percorren un aeroporto moderno onde a catástrofe parece inevitable.

ESTREA EN GALICIA

AUTOKAR (Sylwia Szkiłądź) | Bélxica, Francia, Polonia, 17' Animación, Fantástico, Drama



Na década dos noventa, Agata, de oito anos, marcha de Polonia cara a Bélxica. A través da súa mirada, a migración convértese nunha experiencia iniciática.

XENTES VIII | SÁBADO | 19:00

HABIBI (Alexey Evstigneev) | Francia, (Kazakhstán), 16' | Drama



ESTREA EN GALICIA

Laura e Daur viven nunha aldea illada nas montañas. Hoxe, Laura viaxará á cidade para dar a luz.

DIEU EST TIMIDE (Jocelyn Charles) | Francia, 15' | Animación, Fantástico



Durante unha viaxe en tren, Ariel e Paul debuxan os seus maiores medos ata que unha misteriosa pasaxeira se une ao xogo. Pero a súa visión do medo resulta moito menos inocente ca os seus debuxos.

OH BOYS! (Anotnio Donato) | Italia, Reino Unido, 17' | Comedia



ESTREA EN GALICIA

Nunha vila italiana, os músicos dunha banda compiten en virtuosismo, un turista tenta impresionar a súa nova moza e un afeccionado ao tenis de mesa sofre unha derrota humillante ante unha moza.

BLUE HEART (Samuel Suffren) | Haiti, Francia, 15' | Drama



ESTREA EN GALICIA

Marianne e Pétion viven en Haití á espera dunha chamada do seu fillo desde EE. UU. O soño americano parece esvaecerse mentres a esperanza e a realidade se confunden cada vez máis.

XERMOLAR

XOVES E VENRES | 11:30

KRONOSHOCK (Ignasi Lópe= Fàbregas) | España, 10' | Aventura



Nun remoto val, érguese unha impoñente montaña. Lord Cliffrider soña con ser o primeiro en acadar o seu cumio, pero o paso do tempo ameaza con esvaecer a súa ilusión.

A VERY SPECIAL MEAL (Elena Walf) | Alemaña, Croacia, 5' | Comedia



O can de Lena quere o penso máis caro! Mentres ela negocia co vendedor, un parrulo escapa do seu coche sen que ninguén se decate, agás o can...

UNPLUG (Comandante Bebé) | España, 10' | Comedia, Fantasía



ESTREA EN GALICIA

Yoni só ten unha misión: asearse e chegar a tempo á seguinte clase. Pero, sen esperalo, emprenderá unha viaxe insólita polo interior do seu propio corpo.

SNORRI – Catch Me If You Can (Thierry Marchand)
Alemaña, 12' | Aventura, Comedia



Snorri e Bubba compiten por conseguir o pirulí máis saboroso dos sete mares nunha divertida aventura polo máxico mundo submarino de Rulantica.

XERMOLAR

XOVES E VENRES | 11:30

DANCING FRIEND (Elena Walf) | Alemaña, Croacia, 5' | Comedia



A eiruga soña con bailar cos demais insectos, pero todos se rin da súa torpeza. Só o máis pequeno deles se achega a ela.

SOC AIGUA (Roser Cussó) | España, 6' | Ecoloxismo, Ciencia e Natureza



Unha pinga de auga e unha nena afectada pola seca emprenden unha viaxe cara ao mar, descubrindo os perigos da escaseza de auga para a comunidade.

MONITO ELFO SAMURAI (Emilio & Jesús Gallego) | España, 6', Comedia



Monito, Elfo e Samurai chegan a unha feira chea de diversión e sorpresas, onde vivirán unha aventura que porá a proba o valor da súa amizade.

A PAIN IN THE BUTT (Elena Walf) | Alemaña, Croacia, 5' | Comedia



Un ourizo descubre que lle falta un dos seus pinchos, cravado nada menos que no traseiro do can de Lena. Recuperalo antes de hibernar non será tarefa doada...

PROXECCIÓN ESPECIAL | **VENRES | 23:00**

PELÍCULA DE TERROR SORPRESA

SHREK (2001) | **SÁBADO | 11:30**



Antes de que os multiversos se puxesen de moda, este magnífico clásico da animación moderna, galardoado cun Óscar, xa imaxinara un mundo no que converxían todos os contos de fadas.

Hai moito tempo, nunha afastada lameira, vivía un feroz ogro chamado Shrek. Un día, a súa soidade vese interrompida pola chegada de sorprendentes personaxes: ratiños cegos, un enorme lobo, tres porquiños sen fogar e outros seres expulsados das súas terras polo malvado Lord Farquaad. Para recuperar a tranquilidade do seu territorio, Shrek fai un pacto con Farquaad e emprende unha viaxe para conseguir que a fermosa princesa Fiona acepte casar co Lord. Nesta importante misión acompáñao un burro moi divertido, disposto a facer calquera cousa por Shrek, agás quedar calado.

AVISOS

Todas as proxeccións levaranse a cabo no Auditorio Municipal Manuel María. Agás para a inauguración, a entrada é de balde e libre até completar aforo.

Despois de cada sesión competitiva poderás outorgar unha calificación do 1 ao 10 a cada película para conceder o voto do público.

organiza

ASOCIACIÓN XOCIVIGA

coa subvención de

Concello do Carballiño

DEPUTACIÓN OURENSE

patrocinan

Josuma

VERMUT POVARELO

VIÑA COSTEIRA BODEGA

CANDELAS

@xociviga

xociviga.com